

Resumo Executivo

Reverdecendo Condado Paradanta

Estratexia de Desenvolvemento Local
23-27 GDR Terra e Auga

1. Introdución

O 2 de xuño de 2022 foi publicado no DOG a Resolución do 18 de maio de 2022, pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 20 de abril de 2022, no que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023 — 2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo, para o período de programación 2023 — 2027.

Dende entón, o GDR Terra e Auga iniciou os trámites e traballos para a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa (EDLP). O punto de partida foi o 7 de xuño de 2022 coa celebración da reunión da Xunta Directiva na que se aprobou a concorrencia á convocatoria da submedida 19.1 do Programa Leader.

A elaboración da EDLP levouse a cabo en tres grandes etapas:



Cronograma das etapas e das fases desenvolvidas ao longo da elaboración da EDLP.
Fonte: GDR Terra e Auga

2. Metodoloxía

Dende o GDR Terra e Auga considerouse que, o proceso que se formulou desde a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) para a elaboración da EDLP deu a posibilidade de enfocar o traballo a realizar como unha estratexia territorial. Unha estratexia que, na terceira fase, tivo que adecuarse ás condicións e aos obxectivos do Leader; pero que nas fases anteriores permitiu obter unha visión ampla do territorio. Isto supuxo a identificación das necesidades territoriais ao tempo que facilitou a elaboración dunha análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO) para a zona, incluso máis alo do programa Leader.

Para a obtención de información, seguíronse dous camiños:

- Recollida de información cuantitativa (secundaria) a partir dos datos existentes.
- Recollida de información cualitativa primaria do territorio.

Abordouse o período de elaboración da EDLP como un proceso de escoita continuo.

Proceso participativo:

PRIMEIRA ETAPA:

- **Reunións informativas e participativas**





Sesións informativas en diferentes concellos

- **Grupos de traballo internos:**

Grupo de traballo 1

Coordinado por xerencia e formado polo equipo técnico do GDR e sociólogo externo (Inzarede).

Grupo de traballo 2

Coordinado por xerencia e formado polo equipo técnico do GDR e REDER.

Grupo de traballo 3

Coordinado por xerencia e formado por presidencia e vicepresidencia.



SEGUNDA ETAPA:

DEFINICIÓN DE GRUPO MOTOR

Identificáronse catro perfís de axentes chave para o Grupo Motor:

- Representantes das institucións públicas
  - Concellos (técnicos e alcaldías).
  - Deputación de Pontevedra.
  - Consellería de Medio Rural.
- Representantes do tecido asociativo, eido social.
- Representantes do ámbito económico e territorial.
- Representantes do ámbito técnico.

ENTREVISTAS

Entrevistas semiestruturadas ao Grupo Motor.

ENQUISA ABERTA

Enquisa online aberta á veciñanza en xeral: preto das 200 respostas.

OBRADOIROS PARTICIPATIVOS POR MESAS SECTORIAIS

- Obradoiro 1: Mocidade + Muller + Acción Social: 32 participantes.
- Obradoiro 2: Forestal + Agrario + Emprendemento / Empresa: 16 participantes.
- Obradoiro 3: Medio Ambiente + Patrimonio + Cultura/Educación + Agrario + Emprendemento/Empresa: 23 participantes.
- Obradoiro 4: Sector público. 6 participantes.

XORNADA E INFORMACIÓN

- Encontro do proxecto de cooperación “Viño e froita”.
- Envío de información e retorno de información da segunda etapa do proceso participativo.



Mesa de Mocidade+Muller+Acción Social celebrada en As Neves (24-11-2022)





Mesa de Forestal + Agrario + Emprendemento/Empresa en Salvaterrra (25-11-2022)





Mesa de Medio Ambiente + Patrimonio+Cultura/Educación en Mondariz (30-11-2022)



Presentación dos resultados iniciais na mesa institucional, celebrada en Covelo (1-12-2022)

TERCEIRA ETAPA:



OBRADOIRO

Obradoiro "O GDR como entidade dinamizadora do sector agrario do Condado Paradanta".

XORNADAS

Xornadas abertas ao público e á veciñanza: A transición ecolóxica no Condado Paradanta.

INFORMACIÓN

Envío de información e retorno de información da terceira etapa do proceso.

OBXECTIVOS

Definición dos obxectivos a través da relación de necesidades priorizadas.





Ciclo de xornadas "A transición ecolóxica no Condado Paradanta"

Participantes do proceso participativo en función do seu eido de actuación



Fonte: *elaboración propia*

Participantes no proceso participativo segundo a orixe



Fonte: *GDR Terra e Auga*

3. Diagnose

Debilidades

- Envellecemento demográfico e perda de poboación activa.
- Falta de formación sectorial.
- Dificultades de acceso á vivenda.
- Carencia dunha “marca de territorio”.
- Problemas de conectividade a internet.
- Falta de prazas públicas en centros de día ou residencias de maiores.
- Transporte público deficiente entre o rural e os núcleos urbanos.
- Aumento de viñedos industriais.
- Dependencia laboral do sector industrial.
- Desprestixio laboral do sector agrario.
- Cooperativismo feble.
- Abandono da terra agraria.
- Impacto paisaxístico e medio ambiental dos parques eólicos.
- Difícil xestión de elementos tractores espallados no territorio.
- Falta de coordinación entre a oferta turística e cultural.
- Pouca superficie natural protexida.
- Oficinas de información turística temporais.
- Poucas prazas de aloxamento turístico.
- Roteiros sen mantemento e sinalización.

Fortalezas

- Numerosos recursos ambientais.
- Centralidade xeográfica.
- Tecido asociativo diverso e dinámico.
- A calidade de vida.
- Tradicións senlleiras.
- Terras fértiles e climatoloxía favorable ao cultivo.
- Sector vitivinícola tractor do territorio.
- Importante rede de loxística e distribución de mercadorías.
- Dispoñibilidade de locais con valor patrimonial sen uso e/ou pechados.
- Gran superficie forestal xestionada por comunidades de montes.
- Gran rede de centros sociais/culturais infrautilizados.



Ameazas

- Sistema de transporte público deficiente.
- Quecemento climático.
- Dependencia enerxética.
- Grandes plataformas de comercio online.
- Crises enerxéticas, pandemias, conflitos xeopolíticos, etc.
- Territorio considerado Zona de Alto Risco de incendio (ZAR), pola Consellería de Medio Rural.
- Desmantelamento de servizos de atención presencial ao cidadán.
- Dependencia laboral de grandes empresas foráneas.
- Competencia entre o comercio local.
- Aumento da produción vitivinícola intensiva.
- Chegada de empresas de enerxías renovables sen repercusión directa e beneficiosa para o territorio.

Oportunidades

- O arranque da PLISAN (Polígono Industrial Salvaterra - As Neves).
- Incremento da demanda das actividades de lecer na natureza.
- Tendencia de retorno ao rural, por parte da poboación urbana.
- Aumento de consumo de proximidade e calidade.
- Sector agrario forte, diverso e sostible.
- A denominada “sylver economy”: orientada aos coidados, lecer e envellecemento activo.
- A capacidade que ofrece o GDR para traballar de xeito supramunicipal e xerar economía circular dentro do territorio do GDR.
- A Lei de recuperación de terra agraria de Galicia.
- O turismo de natureza, de aventura, enogastronomía, agroturismo.
- As enerxías renovables (comunidades enerxéticas).

4. Obxectivos

Obxectivo transversal da EDLP do GDR Terra e Auga para o período Leader 23-27:

Favorecer a transición ecolóxica do Condado Paradanta coa revalorización do sector agrario e do medio ambiente, utilizando a arte como unha ferramenta innovadora para o seu reverdecemento, fomentando a equidade e a igualdade.

4.1. Obxectivos xerais

1. Consolidar un novo modelo económico baseado na diversificación de actividades produtivas e mellorar a competitividade do tecido produtivo local que xere emprego de calidade.

2. Conservar e mellorar o medio ambiente, o patrimonio histórico etnográfico e a súa posta en valor como elemento clave do desenvolvemento do territorio.

3. Mellorar os estándares de calidade de vida minimizando o risco de exclusión social en colectivos desfavorecidos e vulnerables, fomentando a igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos da sociedade e fornecendo o tecido asociativo para que constitúa un referente de cohesión social no Condado Paradanta.



5. Plan de Acción

Liña estratéxica 1

Desenvolvemento económico sostible.

- Apoiar a implantación de empresas de enerxías renovables.
- Fomentar a eficiencia enerxética nas explotacións agrarias.
- Reducir o gasto enerxético en iniciativas privadas e públicas.
- Impulsar actividades económicas vinculadas coa produción e xestión de Biomasa.
- Promover o Emprego das enerxías limpas nos procesos industriais.
- Impulsar a creación de startups.
- Fomentar o desenvolvemento económico dende criterios de responsabilidade social.

Liña estratéxica 2

Promoción do turismo sostible.

- Revalorizar e conservar o patrimonio natural e cultural.
- Apostar por accións de mellora do medio ambiente.
- Apoiar o desenvolvemento de actividades de turismo de natureza.
- Potenciar o turismo de natureza (agroturismo, enoturismo)
- Concienciación e sensibilización cidadá acerca da creación dun turismo sostible.

Liña estratéxica 3

Aproveitamento da ordenación territorial como canle de desenvolvemento do sector agrario, gandeiro e forestal.

- Medidas de actuación:
  - Impulsar a recuperación de terras abandonadas para a creación ou ampliación de actividades agrarias.
  - Formar na redución da pegada de carbono e da contaminación por malas prácticas agrarias.
  - Ordenación territorial como canle para favorecer a protección de espazos naturais e implantar modelos produtivos sostibles fomentando o emprego verde.

Liña estratéxica 4

Promoción da agroalimentación sostible (agricultura ecolóxica e mercados de proximidade).

- Medidas de actuación:
  - Promocionar os produtos agroalimentarios do territorio en feiras e certames.
  - Desenvolver programas de valorización e comercialización dos produtos agroalimentarios do territorio.
  - Respaldar programas de comercialización de produtos Km0.
  - Animar á relación da venda agroalimentaria e o agroturismo.
  - Estimular a Economía Circular.

Liña estratéxica 5

Mellora da gobernanza no territorio de actuación e aplicación de fórmulas que favorezan a xustiza social.

- Medidas de actuación:
  - Buscarán o fornecemento da gobernanza territorial coa procura da equidade no referente á presenza dos diferentes actores territoriais do territorio, de xeito equilibrado.

6. Orzamento aprobado

Coa Resolución pola que se seleccionaron e aprobaron as estratexias de desenvolvemento local, así como a selección das entidades colaboradoras da AGADER na intervención LEADER para o período 2023-2027, ao GDR Terra e Auga aprobouse un orzamento de **2.486.816,74 €**



7. Criterios de selección e baremación de proxectos

- **Dúas tipoloxías:**
  - Proxectos produtivos.
  - Proxectos non produtivos:
    - Privados.
    - Públicos.
  - Financiación máxima por proxecto produtivo: 75.000 €
    - Nota: se o proxecto supón a creación de aloxamento turístico poderán obter ata 100.000 € de axuda pública.
  - Financiación máxima por proxecto non produtivo: 35.000 €

BAREMACIÓN DE PROXECTOS PRODUTIVOS E NON PRODUTIVOS

TIPO DE PROXECTO	LÍMITE DE AXUDA PÚBLICA
PRODUTIVOS	• **MÍNIMO 15% E MÁXIMO 50%** • **NOTA DE CORTE MÍNIMA:** 20 PUNTOS • **PUNTUACIÓN MÁXIMA:** 100 PUNTOS • **CORTE DE PORCENTAXE MÁXIMA:** 70 PUNTOS • **CONTÍA MÁXIMA DE AXUDA:** 75.000 € • ***PARA PROXECTOS DE CREACIÓN DE COMO MÍNIMO 30 PRAZAS EN ALOXAMENTOS TURÍSTICOS, ATA 100.000 €).**
NON PRODUTIVOS	• **MÍNIMO 15% E MÁXIMO 90%** • **NOTA DE CORTE MÍNIMA:** 20 PUNTOS • **PUNTUACIÓN MÁXIMA:** 100 PUNTOS • **CORTE DE PORCENTAXE MÁXIMA:** 70 PUNTOS • **LÍMITE MÁXIMO PRIORIDADE ALTA:** 90 % • **LÍMITE MÁXIMO PRIORIDADE MEDIA:** 70 % • **LÍMITE MÁXIMO PRIORIDADE BAIXA:** 50% • **CONTÍA MÁXIMA DE AXUDA:** 35.000 €

BONO ACTIVA RURAL

BONO ACTIVA RURAL	LÍMITE DE AXUDA PÚBLICA
PRODUTIVOS	• Os promotores que presenten a documentación mínima (inicio da actividade e plan de xestión) para o BONO ACTIVA RURAL poderán obter ata un máximo de 13.000 € de axuda. • Os promotores que presenten a documentación mínima para o BONO ACTIVA RURAL e ademais realicen unha inversión mínima de 8.000 € para a posta en marcha do proxecto, poderán obter ata un máximo de 18.000 € de axuda.

PUNTUACIÓN

		TRAMOS DE VALORACIÓN	CONCELLOS	PUNT.
Criterios relativos á localización xeográfica (Max. 15 puntos)	Indicador Municipal de Renda dos Fogares (2020)	<65%	A Cañiza, Covelo, Crecente	3
		>65% <=75	Arbo	2
		>75% <=85%	As Neves, Mondariz, Mondariz Balneario, Ponteareas, Salvaterra de Miño	1
		>85%	Salceda de Caselas	0
		TRAMOS DE VALORACIÓN	**CONCELLOS**	**PUNT.**
	Densidade de poboación (2021)	<50%	Covelo, Crecente	3
		>50% <=100%	Arbo, A Cañiza, Mondariz, As Neves	2
		>100% <=180%	Salvaterra de Miño	1
		>180%	Ponteareas, Mondariz Balneario	0

		TRAMOS DE VALORACIÓN	CONCELLOS	PUNT
Criterios relativos á localización xeográfica (Max. 15 puntos)	Variación da Poboación 2013-2022	Caída da poboación <-10	Arbo, Covelo, Crecente, As Neves	3
		Caída da poboación <-5 >=-10	A Cañiza, Mondariz	2
		Caída da poboación <0 >= -5	Mondariz Balneario, Ponteareas	1
		Aumento da poboación	Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño	0
		TRAMOS DE VALORACIÓN	**CONCELLOS**	**PUNT.**
	Índice de envellecemento 2015	>300	Arbo, A Cañiza, Covelo, Crecente	3
		>200 <=300	As Neves, Mondariz	2
		>100 <=200	Mondariz Balneario, Salvaterra de Miño	1
		>70 <=100	Ponteareas, Salceda de Caselas	0
		TRAMOS DE VALORACIÓN	**CONCELLOS**	**PUNT.**
	Porcentaxes de mulleres residentes sobre poboación total (2022)	>51%	Crecente, Ponteareas	3
		<=51% >50%	A Cañiza, As Neves, Mondariz, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño	2
		<=50% >49%	Mondariz Balneario	1
		<49%	Arbo, Covelo	0

Incidencias no emprego (Max. 15 puntos) (entenderase por posto de traballo creado un posto a xornada completa durante todo o ano, os contratos de duración inferior computaranse proporcionalmente)	**Creación de emprego:** Ratio investimento elixible/nº de empregos creados. A partir de 0,25 utas.	**15**
	Creación de emprego	**5**
	<30.000€ investimento elixible/ nº emprego	5
	>=30.000 e <60.000 investimento elixible/nº emprego	3
	>=60.000 e <90.000 investimento elixible/nº emprego	2
	>90.000 investimento elixible/nº emprego	1
	Consolidación de emprego anterior a solicitude de axuda	**5**
	Estabilidade do cadro de persoal da empresa ou incremento da mesma nos últimos 5 anos	5
	Estabilidade do cadro de persoal da empresa ou incremento da mesma nos últimos 3 anos	3
	Estabilidade do cadro de persoal da empresa ou incremento da mesma no último ano	1
	Creación de emprego dirixido a mulleres, mozos e colectivos desfavorecidos	**5**
	>=50%	5
	<50% >=25%	3
	<25%	1
	Creación de autoemprego (*Se o autoemprego é de una muller, unha persoa moza ou un colectivo desfavorecido, sumará 5 puntos máis atendendo ao criterio anterior)	**5**

Resolución de necesidades (Máx. 14 puntos) (segundo orde identificada na estratexia)	**Resolución das necesidades detectadas na EDLP:**	**14**
	Necesidades da 1-10 (que interveña ao menos na resolución de 2 necesidades deste tramo).	14
	Necesidades da 11-20 (que interveña na resolución de 1 necesidade deste tramo ou en, a lo menos, dúas no tramo de 1-20).	10
	Necesidades da 21-30 (que interveña na resolución de 1 necesidades deste tramo ou en, a lo menos, dúas do tramo do 1-30).	8
	Necesidades da 31-40 (que interveña na resolución de 1 necesidades deste tramo ou en dúas do tramo do 1-34).	6
	Necesidades >41 (que interveña na resolución de 1 necesidade deste tramo ou en dúas da táboa completa).	4

Adecuación do proxecto aos obxectivos da EDLP:		**14**
Adecuación do proxecto aos obxectivos da EDLP (Máx. 14 puntos segundo prioridade identificada na estratexia)	O proxecto emprega medidas para mellorar a estrutura agraria (agrícola, gandeiro e/ou forestal) do territorio e, en consecuencia, contribuír ao desenvolvemento sostible do sector. O proxecto emprega as artes plásticas ou escénicas no seu desenvolvemento (industrias creativas).	14
	O proxecto emprega no seu desenvolvemento medidas que vaian directa e inequivocamente na liña da mitigación do cambio climático, ou na da conservación do medio ambiente. O proxecto está directamente vinculado co turismo. O proxecto está vinculado directamente coa conservación e posta en valor do patrimonio rural.	8
	Outros proxectos que non teñan encaixe nos anteriores apartados.	4
Aliñación do promotor coa estratexia do territorio		**21**
Impacto sobre o Territorio (Máx. 21 puntos)	**Non existe a actividade no territorio localización (Xustificar con Informe do GDR)**	**7**
	Non existe a actividade no Concello de localización (Xustificar con Informe Municipal).	4
	Non existe a actividade na parroquia de localización (Xustificar con Informe Municipais).	3
	O promotor e o proxecto está aliñado coa identidade territorial do Condado Paradanta e con marcas, selos ou iniciativas que se promovan dende o GDR. No caso de ser un proxecto de nova creación para ser baremado con este subcriterio deberá presentar un documento onde manifeste dita intención. Deberase xustificar xunto coa primeira solicitude de pagamento e, de non cumprirse, volverase a baremar este subcriterio.	7
	Impacto na fixación de poboación do proxecto.	7
	O promotor é residente nun dos concellos do territorio.	1
	Proxectos que impliquen para a realización das obras e/ou da posta en marcha da actividade a utilización de medios e/ou produtos (inputs) do territorio. <= do 50% do orzamento aceptado e comprobación mediante facturación.	3
	O promotor xustifica o emprego con contratos de residentes no territorio (Máis do 50% dos contratos).	3

Tipoloxía do promotor (Max. 14 puntos)	**BONO ACTIVA RURAL (Se o promotor se acolle o Bono, será puntuado neste Item coa puntuación máxima)**	**14**
	O promotor é mozo/a (menor de 41 anos) ou maior de 55 anos, ou no caso de entidades ao menos o 50% dos seus socios cumpran ese criterio.	7
	O promotor é unha muller ou no caso de entidades ao menos o 50% dos seus socios son mulleres.	7
	O promotor é discapacitado cun porcentaxe do 33% como mínimo.	7
	A promotora é vítima de violencia de xénero.	7
	A actividade na que se da de alta a persoa promotora está directamente relacionada coa valorización, conservación e protección do medio ambiente, coa transición enerxética e/ou coa industria creativa.	7
	PROXECTOS QUE NON CONCORREN AO BONO ACTIVA RURAL	**14**
	O promotor é mozo/a (menor de 41 anos) ou maior de 55 anos, ou no caso de entidades ao menos o 50% dos seus socios cumpran ese criterio.	7
	O promotor é unha muller ou no caso de entidades ao menos o 50% dos seus socios son mulleres.	7
	O promotor é discapacitado cun porcentaxe do 33% como mínimo.	7
	A promotora é vítima de violencia de xénero.	7

Aliñación do proxecto co desenvolvemento sostible e a mitigación do cambio climático		**7**
Aliñación do proxecto co desenvolvemento sostible e a mitigación do cambio climático (Máx. 7 puntos)	O proxecto enmarcase dentro dos criterios de economía verde.	4
	O proxecto constitúe unha iniciativa relacionada coa reciclaxe, coas enerxías renovables...	3
	O proxecto contén actuacións de eficiencia enerxéticas ou emprego de renovables, supondo estas o 30% ou máis do total do orzamento aceptado.	3
	O proxecto incide na recuperación da terra agraria en abandono.	4
	O proxecto incide na resiliencia do territorio cara as catástrofes ambientais (incendios forestais, inundacións, etc..)	3

REGLA XERAL PROXECTOS PRODUCTIVOS

a) Puntuación mínima (nota de corte): 20 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 15%
b) Puntuación máxima: 100 puntos. Para recibir a porcentaxe de axuda máxima (50%) será preciso obter 70 puntos.
c) Por cada punto a partires dos 20 puntos mínimos, a axuda incrementarase nun 0,7%.

REGLA XERAL PROXECTOS NON PRODUTIVOS

PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE ALTA
Puntuación mínima (nota de corte): 20 puntos
Porcentaxe de axuda mínimo: 15%
Puntuación máxima: 70 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 90%

- Servizos á poboación dependente, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión sociolaboral para discapacitados, centro de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día). E en xeral, todos aqueles proxectos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable) Puntuación máxima: 100 puntos. Para recibir a porcentaxe de axuda máxima (50%) será preciso obter 70 puntos.
- Investimentos ligados a aldeas intelixentes (smart villages).
- Proxectos que se executen en aldeas modelo ou en desenvolvemento dos instrumentos contidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.
- A mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), así como o seu uso no medio rural (por exemplo telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos á poboación xeral, uso da «internet das cousas» dixitalización de servizos ou infraestruturas públicas).
- Proxectos de creación de espazos e/ou infraestruturas que estean relacionados e/ou orientados ao fomento das industrias creativas e escénicas, sempre e cando estean ligados á una actividade e/ou supoñan un novo recurso turístico.
- Proxectos relacionados coa conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio material e inmaterial endóxenos. Estes proxectos terán que estar ligados á creación dunha actividade ou servizo innovador na parroquia onde se localice ou ben contar cun informe técnico da Consellería pertinente que acredite a singularidade do elemento patrimonial canto menos a nivel provincial. Para a elixibilidade deste tipo de proxectos os elementos patrimoniais deberán estar identificados no Catálogo de Patrimonio da Xunta de Galicia e/ou no inventario público municipal; no caso de actuacións sobre o patrimonio natural, este debe contar con algunha figura de protección pública (Rede Natura, ENIL, LIC...) ou que o motivo da subvencionalidade sexa a creación dunha figura de protección para dito patrimonio.
- Proxectos que contribúan á transición enerxética no territorio de actuación do GDR e que supoñan un beneficio social para a poboación xeral.
- Proxectos que contribúan a recuperación e conservación da biodiversidade do territorio de actuación do GDR e que conten con informe técnico favorable da Consellería de Medio Ambiente ou órgano competente.

PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE MEDIA
Puntuación mínima (nota de corte): 20 puntos
Porcentaxe de axuda mínimo: 15%
Puntuación máxima: 70 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 70%

- Actuacións orientadas ao fomento e promoción do turismo na área. Desenvolvemento de sendas, itinerarios, rutas e outras infraestruturas turísticas.
- Accións de valorización da paisaxe tradicional.
- Protección e mellora do medio ambiente e dos recursos naturais (inversións en melloras vinculadas á xestión de áreas naturais; mellora da articulación, mantemento, difusión, etc. dos espazos libres públicos, accións de sensibilización e divulgación medioambiental, mellora da eficiencia enerxética e utilización das enerxías renovables, protección contra os incendios e recuperación de espazos degradados polos incendios ou actividades produtivas). En xeral, proxectos que contribúan á transicións ecolóxica no territorio, mitigando a pegada do cambio climático.
- Outros proxectos relacionados coa conservación, recuperación, rehabilitación e posta en valor do patrimonio material e inmaterial endóxenos sen a necesidade de estar ligados á posta en marcha dunha actividade. Para a elixibilidade deste tipo de proxectos os elementos patrimoniais deberán estar identificados no Catálogo de Patrimonio da Xunta de Galicia e/ou no inventario público municipal; no caso de actuacións sobre o patrimonio natural, este debe contar con algunha figura de protección pública (Rede Natura, ENIL, LIC...).
- Prestación de servizos en xeral á poboación (educativos, culturais, recreativos, deportivos, ambientais...).
- Proxectos que impliquen a mellora da oferta de lugares de encontro interxeracional e centros de innovación para a mocidade.

PROXECTOS NON PRODUTIVOS DE PRIORIDADE BAIXA
Puntuación mínima (nota de corte): 20 puntos
Porcentaxe de axuda mínimo: 15%
Puntuación máxima: 70 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 50%

- Formación.
- Estudos, informes, publicacións.
- Mapas, guías, edición de material de promoción, valorización e difusión do territorio, portais e páxinas web.
- Certames ou feiras.
- Edición de libros ou material audiovisual.



XUNTA DE GALICIA

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: *Europa inviste no rural*

LEADER

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

GDR Terra e Auga